

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

RESOLUCIÓN do 31 de maio de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regula a incorporación e impartición do programa de dobre titulación de bacharelato e baccalauréat -Bachibac- nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021/22.

Co obxecto de regular a incorporación e impartición do programa de dobre titulación de bacharelato e baccalauréat –*Bachibac*– nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021/22, resolvo anunciar:

Primeiro. Que a regulación e convocatoria da incorporación e impartición do programa de dobre titulación de bacharelato e baccalauréat –*Bachibac*– nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021/22 estará dispoñible na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal/portal

Segundo. Que o prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte do anuncio da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Terceiro. Que os centros docentes que desexen impartir o programa *Bachibac* deberán formular a súa solicitude ante a Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional conforme o modelo que figura como anexo I da convocatoria e dirixila á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2021

José Luis Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

